



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

27 OCT. 2024 22:30:23

Entrada **46460**

Sobre a solicitude de reunión da Plataforma de Vítimas do Alvia co Ministro de Transportes

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á solicitude de reunión da Plataforma de Vítimas do Alvia dirixida ao Ministro de Transportes e Mobilidade.**

A Plataforma de Vítimas do accidente do tren Alvia que tivo lugar en Angrois (Santiago de Compostela) en xullo de 2013 leva tempo solicitando unha xunta co Ministro de Transportes e Mobilidade Sustentábel e denunciou publicamente a negativa a recibilos cando teñen cuestións pendentes de tratar co Ministerio. A Plataforma puxo así mesmo de manifesto que, de non atenderse a súa solicitude de reunión, o Ministerio de Transportes sería o único Departamento que non recibe ás vítimas do sinistro do Alvia, un dos peores accidentes da historia do ferrocarril no Estado.

Os representantes da Plataforma fixeron público que no mes de agosto pasado solicitaron unha reunión co Ministro, pero que foron remitidos aos responsábeis da Secretaría Xeral de Transporte Terrestre e Mobilidade. Consideran as vítimas que o Ministro está eludindo abordar coa plataforma asuntos importantes como a creación dunha nova investigación independente como demanda a UE ou as súas consideracións sobre a actual directora de seguridade de Adif que fixera unha peritaxe e defendera a actuación da empresa no xuízo do accidente.

Ademais, quixeran saber se Adif vai recorrer a sentenza que condena ao ex alto cargo por homicidios e delitos de lesións por imprudencia profesional grave. Lembramos que hai tres meses que se ditou a sentenza.



Consideramos que as vítimas merecen ser escoitadas e atendidas adecuadamente, independentemente das posturas e criterios que defendan e de que estes difiran dos do Ministerio, polo que deberan ser recibidas polo Ministro como fixeron anteriores responsábeis no cargo. Así mesmo, é de xustiza que se asegure unha Investigación técnica independente que analice con rigor as causas do accidente.

En definitiva, reclamamos que se atenda por parte do Ministro de Transportes, a solicitude de reunión dos representantes da plataforma do Alvia para escoitar as súas demandas e consideracións.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Atenderá o Ministerio a solicitude da Plataforma de Vítimas do Alvia de manter unha xunta co Ministro de Transportes e escoitar as súas demandas e consideracións como fixeron as anteriores persoas responsábeis no cargo?
2. Comparte que a diferenza de criterios e pareceres non debe ser unha escusa para non recibilos?
3. Escoitará a reclamación da Plataforma dunha investigación técnica independente sobre o sinistro do Alvia como demanda a UE?

Madrid, a 27 de outubro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la solicitud de reunión de la Plataforma de Víctimas del Alvia dirigida al Ministro de Transportes y Movilidad.**

La Plataforma de Víctimas del accidente del tren Alvia que tuvo lugar en Angrois (Santiago de Compostela) en julio de 2013 lleva tiempo solicitando una reunión con el Ministro de Transportes y Movilidad Sostenible y ha denunciado públicamente su negativa a recibirlos cuando tienen cuestiones pendientes de tratar con el Ministerio. La Plataforma puso asimismo de manifiesto que, de no atenderse su solicitud de reunión, el Ministerio de Transportes sería el único Departamento que no recibe a las víctimas del siniestro del Alvia, uno de los peores accidentes de la historia del ferrocarril en el Estado.

Los representantes de la Plataforma hicieron público que en el mes de agosto pasado solicitaron una reunión con el Ministro, pero que fueron remitidos a los responsables de la Secretaría General de Transporte Terrestre y Movilidad. Consideran las víctimas que el Ministro está eludiendo abordar con la plataforma asuntos importantes como la creación de una nueva investigación independiente como demanda la UE o sus consideraciones sobre la actual directora de seguridad de Adif que hizo un peritaje y defendido la actuación de la empresa en el juicio del accidente.

Además, querrían saber si Adif va a recurrir la sentencia que condena al ex alto cargo por homicidios y delitos de lesiones por imprudencia profesional grave. Recordamos que hace tres meses que se dictó la sentencia.



Consideramos que las víctimas merecen ser escuchadas y atendidas adecuadamente, independientemente de las posturas y criterios que defiendan y de que estos difieran de los del Ministerio, por lo que deberían ser recibidas por el Ministro como hicieron anteriores responsables en el cargo. Asimismo, es de justicia que se asegure una Investigación técnica independiente que analice con rigor las causas del accidente.

En definitiva, reclamamos que se atienda por parte del Ministro de Transportes, la solicitud de reunión de los representantes de la plataforma del Alvia para escuchar sus demandas y consideraciones.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Atenderá el Ministerio la solicitud de la Plataforma de Víctimas del Alvia de mantener una reunión con el Ministro de Transportes y escuchar sus demandas y consideraciones como hicieron las anteriores personas responsables en el cargo?
2. ¿Comparte que la diferencia de criterios y pareceres no debe ser una excusa para no recibirlos?
3. ¿Escuchará la reclamación de la Plataforma de una investigación técnica independiente sobre el siniestro del Alvia como demanda la UE?

Madrid, a 27 de octubre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso